



Estimado alumno e estimada alumna, antes de nada permitídmeme que no día que comeza a actividade lectiva, vos dea a benvida a un novo curso académico.

Son circunstancias excepcionais as que están a concorrer coa situación da pandemia da COVID-19. Debido a esta situación, o Centro tivo que adaptar a súa realidade de espazos, situacións, e incluso a pedagóxica as circunstancias sanitarias marcadas pola autoridade Sanitaria e Educativa.

Coas medidas sanitarias adoptadas, o persoal de limpeza do CSM de Vigo está a facer un esforzo considerable por manter as instalacións nas condicións hixiénicas óptimas para o desenvolvemento da actividade académica. Tendo claro que parte da vosa actividade académica tamén é o estudo, todos e todas debemos de ser conscientes que a prioridade se debe de centrar na capacidade do Centro para a actividade docente.

Como poderedes observar durante os vindeiros días, a actividade de estudo vai a verse considerablemente reducida, ata que o Centro poida ir priorizando os espazos que non se usan para docencia, e poidan ser liberados para o uso de estudo, que nunca alcanzará os niveis que tiña acadados antes da aparición do COVID-19.

Consonte ao antes dito, nunha primeira fase inicial (que será revisada semanalmente), se priorizarán para o estudo aulas para estudantes de Piano, Percusión, Instrumentos non transportables (como contrabaixo, clave ou outros que puideran demandarse). Así mesmo, calquera outra necesidade de estudo, pode ser solicitada puntualmente, e estudada para a súa concesión. As cabinas de estudo serán habilitadas para estudo en quendas de mañá e de tarde.

Tamén indicaros que as persoas que teñan a primeira clase da mañá ou da tarde, poderán utilizar a aula antes do inicio da clase (só esta/s persoa/a) e que a última tamén poderá quedarse antes de que pase a quenda de limpeza do mediodía.

Debemos ser conscientes de que todos os esforzos acadados para evitar contaxios ou posibles contactos, quedarían baleiros se de súpeto toda a Comunidade Educativa volta as aulas para estudo sen control algún das condicións hixiénicas nas que se deixa ou recolle a aula. Estas condicións só poden ser garantidas polo persoal do Centro, responsabilidade que non podemos delegar no alumnado do CSM de Vigo.

Sei que saberedes entender que os motivos que nos levan a tomar esta decisión, que non é popular, perseguen que non teñamos ningún abrocho no Centro que nos obrigue a pechar aulas e docencia, e, o que sería incluso peor, que non sexamos quen de rastrexar os posibles usos de



aulas por parte das persoas que as usen para estudo.

Anímovos a que visitedes o enderezo web do Conservatorio, onde figura toda a información publicada sobre a COVID-19.

**Aulas para estudo:**

- Aula 10, 11, 12 e 26 para piano.
- Aula de Orquestra para Música de Cámara (segundo horario dispoñible).
- Aula 28 (Uso exclusivo Corda).
- Aula 32 (Uso exclusivo Vento-Madeira).
- Aula 37A para Percusión.
- Aula 37B para IMTP.
- Aula 40 para Clave.
- Aula 42 (Uso exclusivo Vento-Metal).
- Cabinas 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 (uso exclusivo Percusión). Quenda de mañá de 09 a 12 horas e de tarde de 15 a 18 horas.

Vigo a 29 de setembro de 2020

Esteban Valverde Corrales

Director do CSM de Vigo